

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

*EXTRACTO da Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2019.*

BDNS (Identif.). 431273.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza celta e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

b) As persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

c) As persoas titulares de explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

Segundo. *Obxecto*

Reducir os ataques das especies de fauna silvestre (lobo e xabaril), ás explotacións agrícolas e/ou gandeiras, mediante a aplicación de medidas de protección.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2019.



**Cuarto. Contía**

Importe total da convocatoria: 300.000 €. Destínase un importe de 200.000 € para as medidas de prevención de danos á gandería e de 100.000 € para as medidas de prevención de danos á agricultura. Subvencionarase a adquisición de:

1. Cans para a protección e defensa do gando, ata un importe máximo de 500 € por can.
2. Adquisición de pastores eléctricos. A contía máxima da axuda por explotación é de 600 €.
3. Adquisición de valados fixos electrificados. O importe máximo da axuda será de 3,00 € por metro lineal ata un máximo de 1.500 € por valado.
4. Valados fixos con malla gandeira ou cinxética metálica. A contía máxima da axuda será de 3,70 € por metro lineal ata un máximo de 3.700 € por valado.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

Un mes, contado a partir da data de entrada en vigor da orde.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

